

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e cinco de Novembro do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 18/11/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202111/323

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 23/11/2021 "Decreto: CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA FINANCIAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DE AULAS DESTINADAS Á FORMACIÓN DO MAIOR DO CONCELLO DE RIBEIRA"



3.- SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS -María Fernanda Gómez Amenós

SOLICITANTE: MARÍA FERNANDA GÓMEZ AMENÓS

EMPRESA: Docente de inglés, presencial e online

Vista a solicitude presentada por D^a. M^a Fernanda Gómez Amenós, que tivo entrada na data 09/11/2021, núm. rexistro entrada 20.068 e no que solicita “Alugar un despacho no Viveiro de Empresas de Ribeira”.

Visto o informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira, de data 22/11/2021 e no que se recolle:

(...) “PROXECTO. RESUMO DA ACTIVIDADE

A idea do proxecto surxe co obxectivo de impartir formación de calidade no idioma inglés á cidadanía de Ribeira e a outras persoas da zona. Trátase de clases de inglés online e presenciais (a domicilio e en colaboración con outros centros) na zona do Barbanza. O obxectivo é ter un despacho propio en Ribeira dende o cal poder impartir as clases online e no cal dar clases presenciais particulares. Debido ao tamaño do despacho, as clases presenciais no mesmo serían para unha ou dúas persoas.

O servizo de formación en inglés vai máis aló do ensino do idioma. Preténdese traballar o desenvolvemento de habilidades necesarias tanto no ámbito académico como o laboral. É dicir, non só aprender o idioma senón a traballar utilizando o mesmo. Así mesmo ofreceranse clases de apoio para alumnos de instituto, a estudantes de bacharel que preparen a EBAU e estudantes universitarios de Filoloxía e Tradución. Tamén se ofrecerán clases de inglés xeral e específico para adultos. Ademais ofreceranse clases de preparación de exames internacionais como aqueles de a Universidade de Cambridge, entre outros. E finalmente, Business English, ou inglés de negocios, para que os estudantes poidan mellorar o seu desempeño profesional e as súas oportunidades laborais. (...)

(...) VIABILIDADE DA INICIATIVA EMPRESARIAL (...) *En base ao anterior vemos que a previsión de resultados son positivos para os 3 primeiros anos de actividade, aínda que o beneficio é moi baixo. A emprendedora aínda acaba de iniciar a actividade, e aínda se teñen que dar a coñecer. O boca a boca é moi importante neste tipo de negocio, a parte de toda a difusión e publicidade que faga do seu negocio.*

Esperamos que co paso do tempo, estas cifras vaian en aumento, unha vez que se dea a coñecer, desta maneira poderá ver incrementados os seus beneficios.(...)

Visto que a empresa xa está en funcionamento e visto o “artigo 3.- Beneficiarios”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que:

“1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

(...) b. Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. Considerarase como inicio de actividade a data que figure no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria. (...)”

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os



cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 22/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a M^a Fernanda Gómez Amenós, para poder levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos a contar dende a data que recolla o contrato de cesión.

Segundo.- Facerlle entrega, no momento da sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Ribeira”, dun xogo de 3 chaves das entradas do Viveiro de Empresas, unha chave da oficina e dos planos do Viveiro de empresas.

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE –Puntos Bajo Coste, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Estación de servizo de subministro de combustible polo miúdo, (epígrafe IAE 655.3).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal.

SITUACIÓN: Lugar de Xarás s/n, La Soledad, Riveira.

REF^a CATASTRAL: 15074A003010480000KY.

PROMOTOR/A: PUNTOS BAJO COSTE, S.L. (CIF B.86591021).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 4 de marzo de 2021 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade PUNTOS BAJO COSTE S.L. (CIF B.86591021), **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DESTINADAS Á ESTACIÓN DE SERVIZO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO.**

SEGUNDO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de xullo de 2021 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade PUNTOS BAJO COSTE, S.L. (CIF B.86591021), **LICENZA DE PRIMERA UTILIZACIÓN** da **LEGALIZACIÓN DA ESTACIÓN DE SERVIZO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO** sita no Lugar de Xarás s/n, La Soledad en parcela con ref^a catastral nº 15074A003010480000KY, nos termos do Certificación Final de Obra visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de día 3 de marzo de 2021 asinado polo Sr. Gumersindo Fernández Díaz, (enxeñeiro industrial col. 1.352), Anexo ao Certificado Final de Obra visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de día 17 de xuño de 2021 asinado polo Sr. Gumersindo Fernández Díaz, (enxeñeiro industrial col. 1.352), Acta de recepción das obras terminada, Xustificante do catastro a efectos de estar dado de alta no imposto de bens de natureza urbana, Certificación de instalacións eléctricas asinado polo instalador ALUMEA S.L., Certificado de sistema de protección contra incendios con medidas adecuadas á tipoloxía da actividade da empresa EXLO SEGURIDAD S.L.U., Consta a comunicación da correcta xestión



de residuos da construción e demolición en condicións axeitadas de hixiene, seguridade para evitar calquera afección ao medio ambiente, Consta a incrición no rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos líquidos asinado o día 26 de agosto de 2014.

TERCEIRO.- Vista a comunicación previa para o inicio de actividade presentada polo Sr. Eduardo Miguel Barros Pereira actuando en nome e representación da entidade PUNTOS BAJO COSTE S.L.

CUARTO.- Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 12 de novembro de 2021.

QUINTO.- Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal Martín Álvarez Cerrada en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 16 de novembro de 2021.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola entidade PUNTOS BAJO COSTE, S.L. para estación de servizo de subministro de combustible líquido polo miúdo (epígrafe IAE 655.3), sita no Lugar de Xarás s/n, La Soledad en parcela con refª catastral nº 15074A003010480000KY.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

5.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.11.2021:

17460 29.09.2021 MARIA JESÚS ABELLEIRA ABELEIRA, acondicionamiento de local para peluquería, en Avda. da Coruña, 68, baixo-B, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 16.11.2021:

19292 26.10.2021 MARIA DOLORES GONZÁLEZ HERMO, cierre de parcela, en rúa Teixoeira, 10-B, Artes.
19192 25.10.2021 COMUNIDAD PROPIETARIOS ROSALIA DE CASTRO, 58, restauración de fachadas y cubrición de tejado, en rúa Rosalia de Castro, 41, Ribeira.
19187 25.10.2021 ANA M^a. VIDAL BLANCO, construír acera posterior, en rúa Bouciña, nº 20, Palmeira.
19201 25.10.2021 ANA M^a TREUS MUÑÍZ, sanear y enlucir fachada, en Montevixán, nº 60, Carreira.
19005 21.10.2021 MIGUEL ANGEL MUÑÍZ RUÍZ, adecuación de local comercial para destinarlo a carnicería-salchichería, en Praza Uxio Novoneyra, 7, baixo, 4-Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 18.11.2021:

19441 28.10.2021 GRACIELA VIDAL PAZ, cambio de teja y lavado de fachadas, en rúa Douriseira, 6, Aguiño.
19319 27.10.2021 RAQUEL SOUTO LUSTRES, colocación de carpintería exterior, en Abesadas, 3, Ribeira.
19342 27.10.2021 AINHOA ALBERDI FERNÁNDEZ, cambio de ventanas, en rúa de Galicia, 163, p3-D, Ribeira.
19497 29.10.2021 ANA MARIA GONZÁLEZ CADAVAL, arreglos de mantenimiento de vivienda en Vilar, Carreira.
19544 29.10.2021 ASOCIACIÓN PAX IN REQUIEN, pintar y reparar muro, en San Pelayo, Carreira.

6.- LICENZA MUNICIPAL para rehabilitación integral do ceip PLURILINGÜE DE FRIÓNS. PROMOTOR: CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 672.149,13€

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada pola CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE para REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CEIP PLURILINGÜE DE FRIÓNS.



EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 16 de novembro de 2021, do técnico de administración xeral de data 16 de xullo de 2021, e do secretario xeral da Corporación de data 22 de novembro de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, LICENZA DE OBRAS (Nº 29/21) para a **REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CEIP PLURILINGÜE DE FRIÓNS**, Carreira, Ribeira, sito en parcela con refª catastral nº 15074A009000020000KG, nos termos do Proxecto Básico e de Execución de febreiro de 2021 redactado por Dna. Patricia Muñiz Núñez arquitecto (col. 2.855) e D. Luciano González Alfaya arquitecto (col. 3.130), - MUÑIZ MAS ALFAYA, SLP.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de*



Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

O

s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

7.- CERTIFICACIÓN DE CARGAS URBANÍSTICAS - Amstro Legal Services, S.A.

Vistos los escritos presentados por Joan Piñol Arnal en representación de **Amstro Legal Services, S.A.**, de fechas 21/04/2021, 28/04/2021 y 19/10/2021 (Rexistros de entrada nº 6.157, 6.638 y 18.859), solicitando certificación de cargas urbanísticas en relación a las parcelas con referencias catastrales 3835301MH9133N0001SJ y 15074A022020640000KB.

Visto el informe emitido al respecto por la Tesorería Municipal, de fecha 16/11/2021, la **Junta de Gobierno Local**, por unanimidad de los presentes, **acuerda** informar al solicitante como sigue:

EXPTE. 2021-INFO000049

1.- No constan deudas pendientes, líquidas y exigibles, con cargo a la parcela con referencia catastral 3835301MH9133N0001SJ, a nombre de UNEDA, S.L., con C.I.F. B15501893.

2.- No constan deudas pendientes, líquidas y exigibles, con cargo a la parcela con referencia catastral 15074A022020640000KB, a nombre de PROMOCIONES TATO MONTERO, S.L., con C.I.F. B15972896.

El informe de referencia no alcanza a posibles deudas por los conceptos de I.B.I. e I.A.E., para lo que deberá solicitarse certificación ante los Servicios de Recaudación y Gestión Tributaria de la Excm. Diputación Provincial de A Coruña (zona3@dacoruna.gal).

En el expediente de referencia constan abonadas las liquidaciones 2021-40684 y 2021-40686, por la información urbanística correspondiente cada una de las fincas señaladas en el apartado 2 anterior.

8.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan José Fernández Prol

Visto o escrito presentado por **Juan José Fernández Prol**, de data 02/11/2021 (Rexistro de entrada nº 19.617), no que solicita certificación urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A011006490000KJ e 15074A10000190000KL.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 18/11/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e á Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademais para este caso concreto, no que se sinala unhas fincas de referencias catastrais 15074A011006490000KJ e 15074A10000190000KL, están clasificadas como **SOLO RÚSTICO**.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Ángeles Pérez Paz

Visto o escrito presentado por Xerardo Santiago Tarrío Calvo en representación de **María Ángeles Pérez Paz**, de data 29/10/2021 (Rexistro de entrada nº 19.503), no que solicita certificación urbanística de que unha parcela situada en Rúa Manzanares, 35 (Ribeira) non ocupa dominio público.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 04/11/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Referencia catastral da finca: 1112305NH0111S0001HE

Personas os Servizos Técnicos Municipais no lugar indicado, tomándose varias medidas, se chega á conclusión seguinte: A parcela representada no informe do Enxeñeiro T. Agrícola, don Xerardo S. Tarrío Calvo (que consta no expediente) se corresponde exactamente coa realidade, lindando con beirarrúa de titularidade municipal da travesía Manzanares e non ocupando dominio público.

10.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN -Circrunor, S.L.

LICENZA de primeira ocupación PARA EDIFICIO DE DOS BLOQUES DE DOCE (12) VIVENDAS EN TOTAL (LICENZA Nº 52/2007)-XUNTA DE GOBERNO LOCAL 01/02/2007). LUGAR: LUGAR DE AREIROS, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA). PROMOTOR: CRUGAR XXI, SL (ACTUALMENTE CIRCRUNOR, SL-CIF B 02745727)

VISTA a solicitude de **licenza de primeira ocupación** para **EDIFICIO DE DOUS BLOQUES DE 12 VIVENDAS** no lugar de Areiros, Castiñeiras, Ribeira da parcela con refª catastral 15074A821002500000ZL, nos termos do Proxecto Básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 25 de setembro de 2006 redactado polo arquitecto D. Luis Sarasquete Otero (licenza de obra nº 52/07 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2007).

VISTOS os escritos presentado pola entidade por D. Cipriano Crujeiras Sampedro en representación de **CIRCRUNOR S.L. (CIF B02745727)**, rexistrados de entrada nas **datas 5 e 6 de maio e 1 de xuño de 2021**, (Rexistros de entrada nº 7.127, 7207, 8.822), mediante os que **solicita a licenza de primeira ocupación** para edificio de dous bloques de de 12 vivendas de



soto, planta baixa, planta alta e baixocuberta sito no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral 15074A821002500000ZL, construído ao amparo da licenza de obra nº 52/07 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2007, achegándose **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de maio de 2021, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto D. Manuel Peleteiro Bandín e polo Arquitecto Técnico D. Javier Vázquez Fernández, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Proxecto de Infraestructuras Común de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións D. Antonio de la Peña Núñez, **Certificado Enérxetico, Inscripción do Certificado de edificios de nova construción no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios, Certificado de seguridade contra incendios según o Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios**, Real Decreto 513/2017, de 22 de Mayo, **Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado emitido en relación a instalación de fontanería, En relación coa idoneidade da execución das acometidas de abastecemento de augas consta informe favorable ao respecto da enxeñeira municipal.**

VISTO o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira técnica municipal** Dña. Uxia Landeira Pereira tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura de día **15 de novembro de 2021** facendo constar que a construción de referencia cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

VISTO o **informe emitido en sentido favorable** de acordo cos antecedentes anteriores polo **técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de Urbanismo, D. José Martínez de Llano y Orosa, emitido con data **15 de novembro de 2021**.

VISTO o **informe favorable** emitido polo **secretario xeral da Corporación** en data 16 de novembro de 2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **CIRCRUNOR, S.L.** a **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para **edificio de dous bloques de 12 vivendas** en total de soto, planta baixa, planta alta e baixocuberta sito no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral 15074A821002500000ZL, construído ao amparo da licenza de obra nº 52/07 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2007, nos termos da **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de maio de 2021, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo Arquitecto Técnico Javier Vázquez Fernández, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Proxecto de Infraestructuras Común de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións Antonio de la Peña Núñez, **Certificado Enérxetico, Inscripción do Certificado de edificios de nova construción no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios, Certificado de**



seguridad contra incendios según o Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios, Real Decreto 513/2017, de 22 de Mayo, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado emitido en relación a instalación de fontanería, En relación coa idoneidade da execución das acometidas de abastecemento de augas consta informe favorable ao respecto da enxeñeira municipal.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

11.- VAO PERMANENTE – Jorge Miniño Rivas

Visto o escrito presentado por **Jorge Miniño Rivas**, de data 15/11/2021 (Rexistro de entrada nº 20.428), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pumariño, nº 10 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 17/11/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Jorge Miniño Rivas** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,60 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Pumariño, nº 10 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da*



beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

12.- PINTADO DE LIÑA AMARELA - Rúa Correos (Ribeira)

Visto o informe remitido pola Policía Local, de data 18/11/2021, relativo á sinalización horizontal con liña amarela na Rúa Correos (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado de liña amarela nun tramo da Rúa Correos (Ribeira), con fin de deixar unha zona de libre acceso para peóns e, así mesmo, facilitar o paso para persoas con mobilidade reducida, según o sinalado no citado informe policial.

13.- APROBACIÓN BORRADOR DE CONTRATO DE COMODATO – Cristina Borrás Paz

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 22/11/2021, relativa á aprobación do borrador de Contrato de Comodato con Cristina Borrás Paz co obxectivo de cesión gratuíta en depósito duns bens mobles á Sala-museo municipal de Ribeira.

Vista a documentación que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** aprobar o citado borrador do Contrato de Comodato entre o Concello de Ribeira e Cristina Borrás Paz, e que se proceda á súa sinatura polas partes interesadas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:50 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

